

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 7 DE XUÑO DE 2021.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e seis minutos do día sete de xuño do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 31 DE MAIO DE 2021.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio de 2021, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por sete votos a favor (do Sr. alcalde, Rioboo Castro, e dos/as Sres./as concelleiros/as, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Liñares Gestal, Iglesias Becerra, Seijas González e Méndez Sánchez) e coa abstención da Sra. concelleira, Pombo Carril, a cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 31 de maio de 2021.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do 25 de maio de 2021, de Augas de Galicia, de información pública da solicitude de J.I.P.G. de autorización de obras na parcela de referencia catastral 9161411NH4996S0001XQ, no lugar de Laxe, parroquia de Rutis. Expediente: DH.W15.72867. BOP núm. 101 do 01-06-2021.
- Anuncio do 25 de maio de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación inicial do Regulamento polo que se regula a prestación de servizos en réxime de teletraballo-presencial. BOP núm. 102 do 02-06-2021.
- Anuncio do 25 de maio de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo. BOP núm. 102 do 02-06-2021.

Código do documento	Código do expediente
USG15I024G	USG/2021/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
461M 2245 175L 2H38 190P	

- Anuncio do 31 de maio de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación do padrón fiscal da taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública ano 2021. BOP núm. 104 do 04-06-2021.
- Anuncio do 28 de maio de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á convocatoria do proceso selectivo para a provisión, con carácter de urxencia e de xeito temporal, polo sistema de concurso-oposición dun/dunha técnico/a de turismo. BOP núm. 104 do 04-06-2021.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“

- Resolución número CUL/RES/882/2021 de data do 21/05/2021 pola que se aprobar o proxecto técnico para a obra de “Arranxo de viais municipais en Rumbo (VP-359 e VP-400) –Culleredo” co seu correspondente presuposto que ascende á cantidade de 42.031,12 €, IVE engadido, asinado en data do 22/02/2021 pola enxeñeira técnica agrícola, Beatriz Golán Pardo (C. V.051D546Q6760690N0V7M).
- Resolución número CUL/RES/798/2021 de data do 05/05/2021 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización do subministro eléctrico para a vivenda unifamiliar situada na rúa Condes núm. 6, da parroquia de Sueiro.
- Resolución número CUL/RES/797/2021 de data do 05/05/2021 pola que se autoriza o uso especial por R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización de rede de telecomunicacións por cable no lugar de Fornos 48, da parroquia de Sueiro.
- Resolución número CUL/RES/942/2021 de data do 28/05/2021 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización para a liña eléctrica soterrada de baixa tensión no lugar de As Catas- Almeiras.
- Resolución número CUL/RES/941/2021 de data do 28/05/2021 pola que se autoriza o uso especial por NEDGIA GALICIA, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para desmantelamento da planta de GLP, GLP 530-15, situada na R/. Dereitos Humanos 7-9-11, Rutis.
- Resolución número CUL/RES/944/2021 de data do 28/05/2021 pola que se require á J. A. O. M. para que no prazo dun mes, contado dende o seguinte á recepción da notificación, proceda á retirada do vehículo abandonado na rúa Regueiro, núm. 46 (Rutis), coa advertencia de que, no caso de non cumprir o indicado, ditarase resolución, se procede, autorizando o seu traslado a un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa posterior destrución e descontaminación.
- Resolución número CUL/RES/943/2021 de data do 28/05/2021 pola que se rexistra o animal potencialmente perigoso co número de microchip 941000025475740, propiedade de G. C. R.
- Resolución número CUL/RES/1004/2021 de data do 31/05/2021 pola que se inicia expediente de orde de execución para o restablecemento das condicións de seguridade e salubridade mediante a realización das tarefas de limpeza, tala e roza, na parcela con referencia catastral 15031A01300236 de acordo co deber de conservación establecido nos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 2 de febreiro do solo de Galicia, e nos artigos 21, 22 e 23 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Resolución número CUL/RES/1005/2021 de data do 31/05/2021 pola que se inicia expediente de orde de execución para o restablecemento das condicións de seguridade e salubridade mediante a realización das

C.I.F. P-1503100-H

tarefas de limpeza, tala e roza, na parcela con referencia catastral15031A01300236 de acordo co deber de conservación establecido nos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 2 defebreiro do solo de Galicia, e nos artigos 21, 22 e 23 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

- Resolución número CUL/RES/1006/2021 de data do 31/05/2021 pola que se inicia expediente de orde de execución para o restablecemento das condicións de seguridade esalubridade mediante a realización das tarefas de limpeza, tala e roza, na parcela con referencia catastral15031A01300236de acordo co deber de conservación establecido nos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 2 defebreiro do solo de Galicia, e nos artigos 21, 22 e 23 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.”

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
14/05/2021	850	Declarar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e procédese ao arquivo do expediente.	***9895**	
14/05/2021	851	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).	***5550**	
20/05/2021	866	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Xantar na Casa e declarar concluso o procedemento. Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Xantar na Casa e declarar concluso o procedemento.	***7509** ***5603**	
20/05/2021	867	A extinción no servizo municipal de Xantar na casa	***8589**	
21/05/2021	872	A extinción no servizo	***8487**	

Código do documento	Código do expediente
USG15I024G	USG/2021/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 461M 2245 175L 2H38 190P	

		municipal de Xantar na casa	***1449**	
21/05/2021	894	Dar de baixa o servizo municipal de Axuda no fogar e declarar terminado o procedemento.	***5009**	
21/05/2021	895	Dar de baixa o servizo municipal de Axuda no fogar por mor de seu falecemento, e declarar terminado o procedemento.	***2327**	

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
20/05/2021	861	Concesión dunha axuda económica	***1102**	Pago de aluguer correspondente a meses dos anos 2020-2021	1129€
20/05/2021	862	Concesión dunha axuda económica	***4027**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro, febreiro e marzo (320€/mes) e parte de abril de 2021 (169,80€).	1129€
20/05/2021	863	Concesión dunha axuda económica	***1509**	Pago de aluguer correspondente aos meses de xuño a outubro de 2020 (200€/mes) e parte de xaneiro de 2021 (129€).	1129€
20/05/2021	864	Concesión dunha axuda económica	****8980*	Pago de aluguer, correspondente os meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril de 2021 (280€/mes).	1120€
20/05/2021	865	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	****846**	Pago do recibo de gas correspondente aos meses de xaneiro e febreiro (27,92€), os	

Código do documento	Código do expediente
USG15I024G	USG/2021/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 461M 2245 175L 2H38 190P	

				recibos de auga correspondente ao 4º trimestre de 2020 (53,07€) e 1º trimestre de 2021 (53,07€) e os recibos de luz correspondentes a data do 12/02/2021 (26,09€) e do 11/03/2021 (32,32€).	
20/05/2021	868	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***4573**	Pago do recibo de electricidade correspondente aos meses de febreiro, marzo e abril de 2021 (88,83€) e recibo de auga correspondente ao 1º trimestre de 2021 (60,12€)	

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
18/5/2021	856	Denegar a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade por NON acreditar dificultades de mobilidade.		

***GASTOS ALIMENTACIÓN das Prestacións Economicas Municipais de Emerxencia e Inserción Social (PEEIS) De Acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	PROVEEDOR
12/05/21	842/21	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago das facturas que se relacionan a continuación, correspondentes aos bonos dealimentos e bono de hixiene, con cargo aos RC correspondentes.	****355**

Nº FACTURA	IMPORTE	TERCEIRO	RC
FN359	51,80 €	****061**	220210000118

C.I.F. P-1503100-H

FN360	14,40 €	****061**	220210000118
FN454	141,94	****597**	220210002217
FN455	35,31 €	****597**	220210002217
N529	54,19 €	****111**	220210000111
FN530	58,48 €	****6560***	220210000133
FN531	16,94 €	****6560***	220210000133
FN532	20,20 €	****846**	220210002000
FN533	86,63 €	****846**	220210002000
FN548	55,27 €	****523**	220210000112
FN546	55,36 €	****310**	220210000116
FN547	19,54 €	****310**	220210000116
FN549	132,56 €	****282**	220210000130
FN550	38,32 €	****282**	220210000130

***GASTOS ALIMENTACIÓN das Prestacións Economicas Municipais de Emerxencia e Inserción Social (PEEIS) De Acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	PROVEEDOR
12/05/21	843/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago das facturas que se relacionan a continuación, correspondentes aos bonos dealimentos e bono de hixiene, con cargo aos RC correspondentes.	****355**

Nº factura	Importe	Terceiro	Nº RC
FN323	58,61	****6560***	220210000133

FN324	16,98	****6560***	220210000133
FN319	54,94	****111**	220210000111
FN320	57,96	****310**	220210000116
FN321	17,83	****310**	220210000116
FN330	86,36	****474**	220210001379
FN331	14,33	****474**	220210001379

1.AREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE:

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

PROGRAMA I DE VALORACION , ORIENTACION E INFORMACION SOCIAL

Con data 1 de xuño botou a andar na Area o novo Servizo de información e e atención social inmediata en crise (SERIASI) enmarcado no Programa I de información , orientación e valoración social dos centros municipais de servizos sociais o no Programa III de prestacións de apoio á autonomía persoal e apoio as situacións de Dependencia .Dotado con dúas traballadoras sociais,o novo servizo reforzará dun xeito mais inmediato a atención á nova demanda cidadá que se achega aos centros municipais de servizos sociais , incidindo sobre todo na que require dunha resposta mais urxente ; e doutra banda, axilizará os procesos de adxudicación das prestacións sociais para a autonomía das persoas , especialmente das mais dependentes.Estes dous perfís de demanda veciñal medraron exponencialmente durante o tempo de pandemia COVID-19, e todos os indicadores económicos e sociofamiliares apuntan a que esta mesma situación perviva aínda durante moitos meses por mor dos seus efectos.

A atención prestarase desde os dous centros municipais de Ssss , do Burgo e Vilaboa en estreita coordinación coa equipa profesional xa existente na Área de Benestar.

Este novo servizo está cofinanciado a dia de hoxe polo POS social extraordinario da Deputación provincial da Coruña e o propio concello .

PROGRAMA II DE EDUCACION E APOIO FAMILIAR

-- Intervención comunitaria: Liña 3.B. de Igualdade de xénero , empoderamento e inserción laboral da muller

1. OBRADOIROS DIXITALIZADAS

Entre as actividades comunitarias que se están a reiniciar que se ofertan á poboación, estase a desenvolver dende esta semana a Acción "*Dixitalizadas*". Está promovida pola *Fundación Mujeres, Fundación Cibervoluntarios e Google* e ten como obxectivo facilitar e potenciar a participación, empregabilidade e emprendemento das mulleres a través da adquisición de competencias dixitais e de ferramentas tecnolóxicas.

Trátase dunha serie de obradoiros gratuítos:

- Habilidades dixitais básicas para o emprego (6h)
- Habilidades dixitais básicas para o emprendemento (6h)

Código do documento	Código do expediente
USG15I024G	USG/2021/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
461M 2245 175L 2H38 190P	

- Habilidades dixitais básicas a través do móbil (4h)

Neste momento están organizados para comezar de xeito inmediato dous grupos de seis mulleres usuarias dos Servizos Sociais, 12 en total; a quen se lles ofreceu participar na acción co fin de promover a súa necesaria e importante incorporación ao ámbito laboral.

Impártense na aula de informática do centro Pintora María Cagiao de Vilaboa, seguindo estritamente as medidas Covid. Teñen carácter gratuito.

3. PROYECCIÓN NA UNIVERSIDADE LABORAL DO DOCUMENTAL “NOITE IRISADA”

A fin de sensibilizar á poboación moza na loita pola igualdade e polo respecto á diversidade sexual, o pasado 27 de maio proxectouse na Universidade Laboral o documental *Noite Irisada*, un documental de 62 minutos dirixido por Bea V. Campaña, no ano 2019 sobre o amor e loita dos colectivos gays e lesbianas de Galicia. Con 62 minutos de duración, as protagonistas son principalmente mulleres e homes que durante décadas pelexaron e defenderon os dereitos das lesbianas e dos gays en Galicia. O grupo ao que se dirixiu foi un único Ciclo de Formación Profesional, xa que por medidas Covid, non se puido ofertar a grupos máis numerosos. Esta actividade, coordinada por una técnica de igualdade da Area de Benestar social foi promovida e financiada pola Deputación de A Coruña.

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACION SOCIAL

****Participación social:**

Coordinadas polo pedagogo do Proxecto municipal **Culleredo enCLAVE social** durante este mes levaráanse a cabo as seguintes colaboracións con entidades sen ánimo de lucro que teñen convenios de colaboración e /ou sede no concello de Culleredo :

Colaboración con Alcer Culleredo na celebración do Día nacional do donante e có Programa “medro con Alcer”

A Concellaría de Política social e promoción do deporte colaborará coa asociación Alcer Culleredo na celebración do Día mundial do doante, o 2 de xuño. A colaboración consistirá na iluminación de cor laranxa a Torre de Celas nesa data.

A iniciativa, pretende sensibilizar e fomentar a solidariedade da poboación cullerdense sobre a necesidade de ser doadores e deste xeito poder salvar vidas.

Tamén colaborará o concello no desenvolvemento das actividades da Acción “medro con Alcer”. A actividade terá lugar o vindeiro 13 de xuño no Centro Cívico Virginia Blanco de Fonteculler. A actividade ten como obxectivo o encontro de familias de nenos e nenas con enfermidades renais.

Colaboración con Agaela no Día da Esclerose lateral amiotrófica (ELA)

A Concellaría de Política social e promoción do deporte colaborará coa asociación cullerdense Agaela na celebración do Día mundial da ELA, o 21 de xuño. A colaboración consistirá na iluminación de cor verde a Torre de Celas nesa data.

A iniciativa, coa que colaboran máis de 25 concellos de todo o Estado, pretende dar visibilidade a ELA (Esclerose Lateral Amiotrófica), enfermidade que probablemente sexa unha das doenzas máis devastadoras ás que se pode enfrentar calquer persoa y calquer familia.

C.I.F. P-1503100-H

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS ESPECIFICOS:

CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACION AS MULLERES (CIM):

A asociación DALETH en colaboración co CIM de Culleredo, vai poñer en marcha, por terceiro ano a Acción "Bolboreta" dirixido a mulleres en situación de vulnerabilidade.

Este programa, constará dos seguintes obradoiros e módulos:

1. Onde estou?

- Equilibrando a miña Mirada
- Radiografía de Valores
- Emocións. Conduces ou condúcente?
- Xestión de Estrés
- Técnicas de Respiración
- Hábitos. Amigos ou Inimigos

2. Como estou?

- Equilibrando a Autoestima
- Linguaxe e Comunicación
- Visión. Misión. Paixón
- O meu Talento Único
- Novos Mapas de Ruta

2. Que quero?

- Emprendemento
- Recursos
- Creación de CV
- Coaching Nutricional e Persoal
- Story-board. Liña de Vida

3. Como o quero?

- Marca Persoal
- Entrevista Laboral
- Entrenamento práctico.
- Búsqueda de Emprego

5. Xornadas Daleth

Código do documento	Código do expediente
USG15I024G	USG/2021/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
461M 2245 175L 2H38 190P	

Empoderamento da Muller ante calquer forma de acoso

Mediación Intercultural

Informática Base

O programa consta dun total de 15 talleres, impartidos en modalidade mixta: presencial / streaming, e sesións individuais de acompañamento con cada usuaria

A actividade realizarase os luns e os mércores dende xuño ata setembro. O lugar onde se impartirán as sesións presenciais será na aula da sala de actividades Pintora María Cagiao de Vilaboa, seguindo estritamente as medidas Covid.

A actividade, coordinada pola psicóloga do CIM, está subvencionada na súa totalidade pola Secretaría Xeral da Igualdade (Xunta de Galicia) a través das subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

2. AREA DE SANIDADE:

PROMOCIÓN DA VIDA SAUDABLE: “Culleredo saudable”

*****Fomento da solidariedade en saúde***

CAMPAÑA DE DOAZÓN DE SANGUE

A Concellaría de política social e promoción do deporte colaborou coa Campaña de doazón de sangue que a Axencia galega de doazón de órganos e sangue (ADOS) levou a cabo nos seguintes puntos do Concello:

- Mércores 26 de maio, de 9:00 a 21:00 h, en O Burgo (Plaza de Europa)
- Xoves 27 de maio, de de 9:00 a 21:00 h, en Culleredo-Tarrío (diante do Concello)

Está prevista unha nova campaña o 15 de xuño no seguinte punto:

- Vilaboa, en horario de 15:30 a 21:00 h (diante da oficina de Abanca)”

2.2.3.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 11 DE XUÑO

Contacontos con Charo Pita: *A rúa da tixola*.

Desenvolverase nas redes sociais do Concello de Culleredo.”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Código do documento	Código do expediente
USG15I024G	USG/2021/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
461M 2245 175L 2H38 190P	

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H